



Cariño - Ordenanza fiscal núm. 4, reguladora do imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras

Publicación provisional : 14-10-1994 BOP Nº 235 -- Publicación definitiva : 14-10-1994 BOP Nº 235
Redacción Aplicable desde 29-09-2014

Redacciones

- Fundamento Legal
- Artigo 1
- Artigo 2
- Artigo 3
- Exencións
- Artigo 4
- Suxeitos pasivos
- Artigo 5
- Obriga de contribuír. base imponible, gravame e cota
- Artigo 6.
- Artigo 7
- Xestión
- Artigo 8
- Inspección e Recadación
- Artigo 9
- Artigo 10
- Partidas erradas
- Artigo 11
- Infraccións e sancións
- Artigo 12
- Disposición Adicional Única.
- Disposición Final
- ANEXO I: ESTIMACIÓN SIMPLIFICADA DOS ORZAMENTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA OBRAS MAIORES, COMUNICACIÓN PREVIAS OU DECLARACIÓN RESPONSABLES
- ANEXO II: PREZOS UNITARIOS DAS OBRAS MENORES, COMUNICACIÓN PREVIAS OU DECLARACIÓN RESPONSABLES

Fundamento Legal

Artigo 1

De conformidade co disposto nos artigos 59.2 e 100 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de Marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais, e segundo o disposto nos artigos 15 e seguintes da mesma Lei, O Concello de Cariño establece o Imposto sobre Construción, Instalación e Obras.

Artigo 2

O Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras e un tributo indirecto

Artigo 3

1.-Constitúe o feito imponible, do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras a realización no termino municipal de Cariño, de calquera construción, instalación ou obra para a que se esixa obte-la correspondente licenzia de obras ou urbanística, téñase obtido ou non dita licenzia, ou para a que se esixa presentación de declaración responsable ou comunicación previa, sempre que a expedición da licenzia ou actividade de control corresponda ao Concello de Cariño.

- 1) Obras de construción de edificacións e instalacións de toda clase de nova pranta.
- 2) Obras de ampliación de edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- 3) Obras de modificación ou reforma que afecten á estrutura dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- 4) Obras de modificación do aspecto exterior dos edificios e instalacións de tódalas clases existentes.
- 5) Obras que modifiquen a disposición interior dos edificios.
- 6) Obras e usos que se teñan que realizar con carácter provisional no caso en que estean xustificadas, que deberán demolerse cando o acorde o Concello, se dereito a indemnización.
- 7) Movementsos de terra, tales coma desmontes, explanacións, escavacións e terrapléns, obras de instalacións de servizos públicos e, en xeral, as relacionadas coa urbanización, excepto que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun proxecto de urbanización definitivamente aprobado ou de edificación que dispoña de licenzia outorgada.
- 8) A demolición das construcións, agás nos casos declarados de ruina inminente.
- 9) As instalacións subterráneas adicadas a estacionamentos, actividades industriais, mercantís ou profesionais, servizos públicos ou calquera outro uso a que se destine o subsolo.
- 10) As obras de construción de infraestrutura civil, (entre elas as urbanizacións de vías) agás que estes actos fosen detallados e programados como obras a executar nun plan especial ou nun instrumentos de ordenación territorial, sen presuixo do disposto na lexislación sectorial aplicable. Agás as de mantemento das obras públicas.
- 11) As construcións nas zonas de dominio público, sen prexuzado dispodot na lexislación sectorial aplicable.
- 12) A instalación ou radicación de casas prefabricadas e instalacións similares, provisionais ou permanente, agás que se efectúen dentro de campamentos legalmente autorizados e nas zonas expresamente previstas para dita finalidade.
- 13) As cortas e os abatementeos das árbores que constitúan masa arbórea, espacia boscosa, arboredo ou parque, haxa ou non planeamento aprbado, agás as (de saneamento) autorizadas en solo rústico (agrario e/ou forestal) por órganos competentes en materia agraria e/ou forestal.
- 14) A instalación de invernadoiros.
- 15) A colocación de carteis e paneis de propaganda visibles desde a vía pública, sempre que non estean en locais pechados.
- 16) Os cerramentos e valados de predios.
- 17) As obras de apertura de camiños e accesos a parcelas en solo rústivo, agás as autorizadas polo organismo competente en materia agraria e/ou forestal.
- 18) As instalacións e construcións de carácter temporal destinadas a espectáculos e actividades recreativas.

19) Aliñacións e rasantes.

20) Obras de fontanería e sumidoiros.

21) Instalación de elementos permanentes, tales coma postes, torretas, transformadores, liñas aéreas ou subterráneas, xeradores eólicos etc..., de subministro e xeración de enerxía, e de telefonía móbil, transmisións e similares, sobre parcelas e inmobles.

22) Obras nos cemiterios.

23) Calquera outra construción, instalación ou obra que requira licenza urbanística ou de instalación, segundo o previsto na lexislación e normativa vixente sobre o solo sectorial ou de desenvolvemento.

2.- Os actos suxeitos a licenza e comunicación previa ou declaración responsable son os que se regulan na Ordenanza reguladora das comunicacións previas en obras e actividades no Concello de Cariño, e na lexislación aplicable en cada caso.

Exencións

Artigo 4

Exímese do pagamento do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a realización de calquera construción, instalación ou obra da que sexan donos o Estado, as comunidades autónomas ou as entidades locais que, estando suxeitas ó mesmo, vaian ser directamente destinadas a estradas, ferrocarrís, portos, aeroportos, obras hidráulicas, saneamentos de poboacións e das súas augas residuais, aínda que a xestión se leve a cabo por organismos autónomos, tanto se se trata de obras de inversión nova como de conservación.

Previa apreciación, polo voto favorable da maioría simple dos membros do Pleno Municipal, da concurrencia de circunstancias sociais que xustifiquen o especial interese ou utilidade municipal, bonificarase nun 95% a cota do imposto de construcións, instalación ou obras, previa solicitude do interesado.

Suxeitos pasivos

Artigo 5

1. Terán a condición de suxeitos pasivos deste imposto a título de contribuínte:

1) As persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria, que sexan donos da construción, instalación ou obra, sexan ou non propietarios do inmoble sobre o que se realice aquela. Os efectos previstos no parágrafo anterior terán a consideración de dono da construción, instalación ou obra quen soporte os gastos ou o custe que comporte a súa realización.

2) No suposto de que a construción, instalación ou obra non sexa realizada polo suxeito pasivo contribuínte, terán a consideración de suxeitos pasivos substitutos do contribuínte aqueles que soliciten as correspondentes licencias ou presenten as correspondentes declaracións responsables ou comunicacións previas ou realicen as construcións, instalacións ou obras.,

O substituto poderá esixir do contribuínte o importe da cota tributaria satisfeita.

Obriga de contribuir, base imponible, gravamente e cota

Obriga de contribuir. base imponible, gravame e cota

Artigo 6.

A obriga de contribuir nace no momento de iniciarse a obra, mesmo nos casos en que comece sen a licenza pertinente; ou no momento en que se presente a declaración responsable ou comunicación previa.

Artigo 7

1. A base imponible deste imposto está constituída polo custe real e efectivo da construción, instalación ou obra, e enténdese por tal, a estes efectos, o custe de execución material de aquela.

Non forman parte de base imponible o Imposto sobre o Valor Engadido e demais impostos análogos propios de rexímenes especiais, as taxas, prezos públicos e demais prestacións patrimoniais, o beneficio empresarial do contratista nen calque outro concepto que non integre estrictamente o custe de execución material.

2) A cota do imposto será o resultado de aplicarlle á base imponible o tipo de gravame.

O tipo de gravame queda fixado nas seguintes porcentaxes:

- Construcións, instalacións e obras en calquera tipo de solo: 2,50 por 100.

Xestión

Artigo 8

1. Concedida a licenza ou comprobado o cumprimento dos requisitos nos casos de declaración responsable ou comunicación previa, farase unha liquidación provisional tomando como base imponible o presuposto de execución material.

O presuposto de execución material será o que figure no correspondente proxecto, en caso de obras maiores, ou presuposto (para declaracións responsables ou comunicación previas de obras) presentado polo interesado, e como mínimo será o determinado polos Servizos Técnicos Municipais

tomando como referencia o Anexo I desta Ordenanza (Estimación Simplificada dos Presupostos de Execución Material da edificación, para obras de nova pranta, reforma, rehabilitación ou grande reparación) para obras maiores, e o Anexo II para as restantes construcións, instalacións ou obras, ou declaracións responsables ou comunicación previas de obras.

Anualmente, actualizarase o módulo base de valoración contido no Anexo I desta Ordenanza mediante a aplicación do índice de prezos ó consumo do ano anterior. O mesmo sucederá cos módulos de valoración das declaracións responsables ou comunicacións previas de obras contidos no Anexo II.

2. A vista da obra realizada e o seu custo, o Concello, previa comprobación administrativa, modificará, se é o caso, a base imponible provisional, facendo a correspondente liquidación definitiva e esixindo ou reintegrando ó suxeito pasivo a cantidade que corresponda.

Inspección e Recadación

Artigo 9

Realizarase de acordo con previsto na Lei Xeral Tributaria e nas demais Leis do Estado reguladoras da materia, así como nas disposicións diktadas para o seu desenvolvemento.

Artigo 10

1. As cotas liquidadas e non satisfeitas dentro do período voluntario faranse efectivas por vía de constrinximento, consonte coas normas do Regulamento Xeral de Recadación.

2. As liquidacións notificaranse ós suxeitos pasivos, con expresión dos requisitos previstos no artigo 101 da Lei Xeral Tributaria.

Partidas erradas

Artigo 11

Consideraranse partidas fallidas ou créditos incobrables aquelas cotas que non se puideran facer efectivas polo procedemento de constrinximento, e para a súa declaración formalizarase o oportuno expediente, de acordo con previsto no vixente Regulamento Xeral de Recadación

Infraccións e sancións

Artigo 12

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias, así como as sancións que as mesmas lle correspondan en cada caso, aplicarase o réxime regulado na Lei Xeral Tributaria e nas disposicións que a complementan e desenvolven de acordo co artigo 12 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei das Facendas Locais.

Disposición Adicional Única.

As modificacións que se introduzan na regulación do imposto, polas Leis de Orzamentos Xerais do Estado ou por calesquera outra Lei ou disposición, e que resulten de aplicación directa, producirán, no seu caso, a correspondente modificación tácita da presente Ordenanza fiscal.

Disposición Final

A presente Ordenanza fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ANEXO I: ESTIMACIÓN SIMPLIFICADA DOS ORZAMENTOS DE EXECUCIÓN MATERIAL PARA OBRAS MAIORES, COMUNICACIÓNS PREVIAS OU DECLARACIÓN RESPONSABLES

O presente método de estimación aplicarase para o cálculo do orzamento das obras maiores, comunicacións previas ou declaracións responsables, así como das obras menores, comunicacións previas ou declaracións responsables pouco definidas ás que sexa técnicaamente factible a súa aplicación, baséase no método que inclúe o "Manual para a estimación simplificada de orzamentos de execución material da edificación" do colexio de Arquitectos de Galicia, e que se concreta nos puntos seguintes.

Para o Concello de Cariño, tendo en conta a súa situación, o módulo básico constructivo a aplicar será o aprobado con carácter anual, polo Colexio oficial de Arquitectos de Galicia.

1.-Normas xerais. Criterios de valoración.

1.1.-Un traballo considerárase incluído no apartado que lle corresponde de acordo co destino predominante da superficie, incluíndose ou non naquel, a criterio do técnico que realiza a valoración, as superficies destinadas a usos minoritarios.

1.2.-A superficie total construída é a suma da superficie de cada unha das prantas do edificio, medida dentro dos límites definidos polas liñas perimetrais das fachadas, tanto exteriores coma interiores, e os eixos de medianeiras compartidas no seu caso.

Nos edificios de vivendas, as superficies abufardadas accesibles, que polas súas características constructivas e tipolóxicas sexan susceptibles de ser destinadas a vivenda, incluíranse no cómputo cando a súa altura libre sexa superior a 1,5 mts. e valoraranse co uso de vivenda.

1.3.-Cando un traballo se realice por fases, aplicarase en cada fase o módulo base Mb vixente no momento da solicitude de licencia de cada unha delas. Os proxectos de execución poderanse tramitar coa valoración do Básico se non transcorrerón seis meses desde a tramitación deste.

1.4.-Nos proxectos de execución incluíranse medicións e orzamentos de execución material, con desglose suficiente por unidades de obra e capítulos. Orzamento que se poderá estimar por calquera método de cálculo.

2.-Estimación simplificada dos orzamentos de execución material da edificación.

2.1.-Definicións.

Mb.-Módulo Básico.

Mc.-Módulo de construción ou de referencia.

S.-Superficie total construída, en m².

Si.-Superficie construída por uso de acordo co destino predominante da mesma.

Ct.-Coeficiente corrector en función da tipoloxía da edificación.

Cu.-Coeficiente corrector en función do uso da edificación.

Cg.-Coeficiente xeográfico.

Cc.-Coeficiente de calidade da edificación.

OMb.-Orzamento de execución material según módulos básicos.

OEM.-Orzamento de execución material do proxecto.

2.2.-Valores de aplicación.

2.2.1.-Módulo básico: Mb.

Establece un precio en €/m² de edificación medio do ano en que se aplica.

Para o Concello de Cariño, tendo en conta a súa situación, resulta un módulo básico a aplicar na presente ordenanza para 2011 de:

MbC = 497,016 €/m²

2.2.2. Superficie construída por uso: si.

Un traballo considerárase incluído no apartado que lle corresponda de acordo co uso predominante da superficie, incluíndose ou non naquel as superficies con destinos minoritarios, tal e coma se especifica no apartado 1.1

2.2.3.-Coeficiente de tipoloxías: Ct.

Ct=Tipoloxía da edificación.

1.-En edificacións de nova planta e adicións.

- 1,20 Edificación illada (4 fachadas). Vivenda unifamiliar illada. Sótanos a partir do 3.º.
- 1,10 Agrupación en ringleira. Sótano 1.º e 2.º.
- 1,00 Edificio en manzana pechada. Edificación aberta vivenda colectiva.

2.-En Obras de reforma e rehabilitación

- 1,20. Rehabilitación total incluíndo desmontaxe de fachadas.
- 1,00. Adecuación interior de prantas baixas e entreprantas. Rehabilitación integral do edificio conservando exclusivamente as fachadas.
- 0,65. Rehabilitación de instalacións e acabados, conservando a estrutura existente.
- 0,50. Reformas que afecten só a elementos estruturais.
- 0,35. Rehabilitación de fachadas e substitución de carpintería e cerramentos (aplicada á superficie de fachada).
- 0,30. Reformas de pouca entidade que non afecten a elementos estruturais nin a instalacións (acabados interiores).
- 0,02. Demolicións e derrubos (aplicada á superficie a demoler) (*).

(*) Coeficiente de uso Cu = 1.

2.2.4.-Coeficiente de usos: cu.

1.-Edificación:

Cu=Usos da edificación.

- 1,60. Auditorios. Museos. Teatros. Hotéis 5*. Edificios bancarios.
- 1,50. Hospitais. Laboratorios. Igrexas.
- 1,40. Bibliotecas. Facultades e escolas universitarias. Hotéis 4*. Edificios penitenciarios. Terminais marítimas e aéreas.
- 1,30. Clubs sociais. Cines. Centros de saúde. Balnearios. Hotéis 3* Salas de festas. Discotecas. Cafés especiais: teatros, cantantes, pubs. Colexios con residencia.
- 1,20. Casas da Cultura. Casas consistoriais. Locais bancarios. Consultorios. Residencias 3.ª idade. Aparthoteles. Tanatorios. Centros de culto. Cuarteis. Matadoiros.

- 1,10. Vivenda. Hoteis 2*. Residencias universitarias e moteis.
- 1,00. Residencial VPO. Oficinas. Guarderías. Centros docentes. Hoteis 1*. Ambulatorios. Hostais-residencias. Restaurantes. Salóns de beleza e saúde, Fisioterapia. Estacións de autobuses. Salas de exposicións. Piscinas cubertas.
- 0,90. Cafés-Bares. Mercados.
- 0,80. Centro comercial. Pavillóns deportivos cubertos. Vestiarios. Bungalows. Servizos de camping.
- 0,65. Edificios de aparcamentos. Locais comerciais. Establecementos comerciais. Industria escaparate.
- 0,50. Piscinas descubertas. Cemiterios.
- 0,40. Locais en planta baixa ou semisoto sen uso específico. Garaxes e aparcamentos. Estacións de servizo. Marquesiñas e Cubertas.
- 0,35. Trasteiros. Porches e terrazas abertas.
- 0,30. Armacéns e naves industriais. Instalacións deportivas descubertas. Naves. Granxas. Cobertizos. Depósitos. Graderíos. Panteóns (por nicho).
- 0,10. proxectos de urbanización, adscritos á edificación (sobre superficie bruta incluíndo viais, beirarrúas e estacionamentos). Parcelas Campings (**).
- 0,05. Xardíns. Pistas de terra e formigón. Tratamento de espazos exteriores. Acondicionamento de terreos (**)

(*) Coeficiente de uso $C_u = 1$ (**) Coeficiente de Tipoloxía $C_t = 1$

2.2.5.-Coeficiente de calidade: cc.

- 1,00. Calidade básica.
- 1,50. Calidade normal.
- 2,00. Calidade alta.
- 2,50. Calidade elevada.

Poderanse aplicar coeficientes intermedios para valorar calidades intermedias. En principio para o cálculo aplicárase o coeficiente de calidade normal, agás de que no proxecto o Concello comprobe unha calidade superior, ou que ésta se declare polo particular. No intre da inspección da edificación avaliarase a calidade da edificación.

2.3.-Obtención do orzamento de execución material segundo módulos básicos: Omb.

O valor obtido polo procedemento exposto neste manual é un custe de avaliación aproximada, a utilizar coma valor de referencia, e que cobre as esixencias legais e deontolóxicas de congruencia, veracidade, responsabilidade civil profesional, e credibilidade do traballo de arquitectura.

O custe da execución material, de todo tipo de proxectos e traballos de edificación, poderá obterse en función do Módulo de construción M_c , e da superficie construída para cada uso, con arreglo ás seguintes fórmulas:

2.3.1.-Módulo de construción:

$$M_c = M_b C_t \times C_u \times C_c$$

Nos casos en que un coeficiente corrector non se axuste á tipoloxía ou ós usos antes definidos, aconséllase aplica-la media entre os que máis lle somellen.

2.3.2.-Orzamento de execución material segundo módulos básicos:

$$Omb = S(M_c \times S_i)$$

Onde:

Omb.-Orzamento de execución material segundo módulos básicos

S = Sumatorio.

M_c = Módulo de construción que corresponda, de acordo co destino predominante da superficie.

S_i = Superficie construída que corresponda, de acordo co destino predominante da mesma.

(Nos edificios con usos diferentes recoméndase calcula-lo Omb para cada uso).

Este orzamento así obtido será o mínimo orzamento de execución material (OEM) do proxecto, agás que se xustifique, con prezos da base de datos da construción de Galicia, outro inferior, e servirá como base de cálculo das ordenanzas fiscais que se baseen no OEM das obras a executar. En caso de que no proxecto presentado figure un orzamento superior ao calculado, segundo os módulos básicos, tomarase como base para calcular o icio e as taxas de tramitación o presentado polo solicitante.

ANEXO II: PREZOS UNITARIOS DAS OBRAS MENORES, COMUNICACIÓNS PREVIAS OU DECLARACIÓN RESPONSABLES

Os prezos da táboa seguinte obtivéronse a partir da actualización dos prezos da Base da Construción de Galicia. Debido a imposibilidade de ter en conta todas as circunstancias particulares que imón o mercado e rodean unha obra, aquelas unidades de obra que non figuren na táboa estimáranse igualmente cos medios da zona tomando como base a base de datos de prezos da construción e obras públicas de Galicia e de non existir a base de datos do IGVS. Estes prezos tamén servirán para complementar o cálculo do orzamento das obras maiores, comunicacións previas ou declaracións responsables cando o sistema do módulo básico non podan reflexar o

orçamento da obra na súa totalidade ou non se contemple o uso ou tipo de obra. Asimesmo servirán para a realización dos orzamentos das obras de urbanización.

Ref	Concepto	Ud.	€/Ud.
A0	DEMOLICIÓNS		
A01	Apeo estrutura	m2	20,69
A02	Demolición de lousa	m2	34,94
A03	Demolición de forxados	m2	11,56
A04	Demolición armadura cuberta madeira	m2	25,63
A05	Demolición armadura cuberta metálica	m2	36,51
A06	Desmontaxe cuberta fibrocemento manual	m2	8,96
A07	Desmontaxe cuberta tella manual	m2	9,88
A08	Desmontaxe cuberta lousa manual	m2	8,09
A09	Demolición de muro de peche	m2	22,32
A10	Demolición de tabique oco dobre	m2	5,36
A11	Demolición de tabique oco sinxelo	m2	3,57
A12	Demolición de tabique ½ pé	m2	8,93
A13	Demolición de solados	m2	13,56
A14	Demolición de alicatados e revestimentos	m2	9,16
A15	Demolición completa de edificación aislada	m2	1.360,67
A16	Demolición completa de edificación 1 medianeira	m2	2.779,6
A17	Demolición completa de edificación 2 ou mais medianeiras	m2	2.873,06
B0	MOVEMENTOS DE TERRAS		
B01	Desbroce e limpeza	m2	0,94
B02	Desbroce e limpeza con arbustos	m2	1,97
B03	Excavación mecánica ceo aberto	m3	3,77
B04	Excavación de zanxa	m3	21,02
B05	Excavación de pozos	m3	15,87
B05	Excavación de baleirado	m3	7,33
B07	Terraplenado	m3	10,83
B08	Recheo de gabias	m3	6,27
B09	Recheo de base para pavimento	m3	25,8
B10	Transporte de terra a vertedoiro	m3	4,79
C0	CIMENTACIÓN		
C01	Formigón de limpeza	m3	116,29
C02	Lousa HA-25 central plástica 20	m3	192,98
C03	Aceiro montado en lousa B-500S	kg	5,08
C04	Formigón HA-25 en foxos, zapatas e riostras de cimentación	m3	192,91
C05	Aceiro B-500S en cimentación	kg	0,94
C06	Formigón en recrecidos	m3	101,37
C07	Reforzo HNE-25 en conducións saneamento	m3	103,18
C08	Soleira HNE-150 10 cm lixeira	m2	20,24
C09	Soleira HNE-200 15 cm semipesada	m2	27,62
D0	ESTRUTURA		
	Aceiro		
D01	Estrutura metálica electrosoldada vivenda	m2	47,4
D02	Estrutura metálica electrosoldada naves	m2	45,05
D03	Aceiro en soporte c/ perfiles ocos	kg	2,25
D04	Aceiro S275JR en soporte simple	kg	1,86
D05	Aceiro S275JR xáceas e viguetas	kg	1,44
D06	Aceiro en escaleira	kg	2,45
	Encofrados		
D07	Encofrado cartón soporte 30x30	m	47,8
D08	Encofrado cartón soporte circular 30	m	20,62
D09	Encofrado cartón soporte medianeiro 30x30	m	52,25
D10	Encofrado madeira zapatas-encepados-riostras	m2	25,77
D11	Encofrado muro 1 cara	m2	36,63
D12	Encofrado muro 2 caras	m2	62,23
D13	Encofrado madeira soporte	m2	39,49
D14	Encofrado madeira -encepados-riostras	m2	18,96
D15	Encofrado metálico muro 50x100 muro 1 cara	m2	21,02
D16	Encofrado metálico soporte 30x30	m2	19,25
	Fábricas		
D17	Fábrica bloque formigón 40x20x30 armar	m2	76,08
D18	Fábrica bloque formigón oco 40x20x15 c/arm. vertical	m2	93,68
D19	Fábrica de ladrillo oco dobre 25x12x8 un pe c/ armado	m2	73,86
D20	Fábrica de ladrillo oco dobre 25x12x8 ½ pe c/armado	m2	51,66
D21	Estrutura de perpiaño	m2	116,81
D22	Sillera granito 40x15 abuxardado	m2	333,08
	Formigón armado		
D23	Estrutura formigón s/soporte HA-25/P/20 25+5 bovedilla cerámica	m2	87,97
D24	Estrutura formigón completa HA-25/P/20 25+5 bovedilla cerámica	m2	95,05

Ref	Concepto	Ud.	€/Ud.
D25	Forxado formigón reticular 25+5, casetón poliestireno, luz 5x5 m	m2	97,7
D26	Forxado formigón reticular 25+5, casetón recuperable, luz 5x5 m	m2	88,69
D27	Forxado unidireccional semiviguetas bovedilla cerámica 25+5	m2	49,52
D28	Lousa inclinada HA-25/P/20 15 cm	m2	83,4
D29	Lousa horizontal HA-25/P/20 25 cm	m2	161,6
D30	Soporte cuadrado HA-25 encofrado metálico	m3	473,22
D31	Soporte cuadrado HA-25 encofrado madeira Formigón pretensado	m3	633,44
D32	Forxado unidireccional vigueta pretensada	m2	54,42
D33	Lousa pretensada 15+5 HA-25 Madeira	m2	55,26
D34	Forxado horizontal madeira 15x20	m2	127,32
D35	Forxado inclinado madeira 15x20	m2	141,97
D36	Estrutura madeira laminada cuberta plana	m2	62,06
D37	Estrutura madeira laminada cuberta 1 auga	m2	56,68
D38	Estrutura madeira laminada cuberta 2 augas	m2	58,08
D39	Soporte madeira castiñeiro 20x20	ud	236,37
E0	ALBANELERÍA Acristalamento		
E01	Vidro dobre illante 6/6/6 incoloro	m2	37,26
E02	Vidro armado 3/4 Fachadas	m2	31,72
E03	Fachada 1 folla LP ½ pe+ca vent ext+EPS	m2	115,15
E04	Fachada 1 folla bloque termoarcilla + rev ext continuo	m2	86,54
E05	Fachada 1 folla bloque formigón oco + rev continuo	m2	47,59
E06	Fachada 1 folla bloque formigón + ladrillo oco dobre	m2	63,62
E07	Fachada 2 follas Sillar pedra + ladrillo oco dobre Fábricas	m2	228,93
E08	Fábrica interior ladrillo oco sinxelo 25x12x4 tabique	m2	14,05
E09	Fábrica interior ladrillo oco dobre 25x12x8 tabique	m2	15,87
E10	Fábrica interior ladrillo oco dobre 25x12x8 medio pe	m2	23,16
E11	Fábrica interior ladrillo oco dobre 25x12x8 un pe	m2	46,27
E12	Fábrica interior bloque formigón oco revestir	m2	25,95
E13	Zuncho H revestir formigón 20x20x20	m	28,81
E14	Muro de pedra en taco xunta seca	m2	194,92
E13	Muro de pedra en taco c/morteiro	m2	179,84
E16	Mampostería careada granito 1 cara vista	m3	231,24
E17	Fábrica armada vidro moldeado	m2	83,01
E18	Apertura de rozas manual ladrillo oco	m	4,64
E19	Cargadeiro vigueta formigón pretensado Prefabricadas	m	10,79
E20	Muro cortina perfilería aluminio	m2	226,23
E21	Fachada panel sandwich	m2	102,82
E22	Fachada panel formigón prefabricado	m2	74,36
E23	Fachada ventilada granito Particións	m2	134,7
E24	Tabique cerámico ladrillo oco dobre	m2	22,41
E25	Partición vertical 1 folla ladrillo perforada	m2	56,25
E26	Partición vertical 2 follas ladrillo oco dobre	m2	57,45
E27	Trasdosado placa de xeso laminado	m2	19,06
F0	CUBERTAS		
F01	Formación de pendiente cuberta fibrocemento viguetas	m2	8,85
F02	Formación de pendiente cuberta taboleiro cerámica	m2	43,16
F03	Azotea no transitable, lámina betume elastomeric, grave	m2	43,16
F04	Azotea no transitable autoprotexida	m2	54,18
F05	Azotea no transitable pavimento baldosa 40x40	m2	82,26
F06	Azotea no transitable c/lamn PVC	m2	84,56
F07	Pavimento flotante terrazo 40x40	m2	25,35
F08	Cuberta fibrocemento onda grande	m2	18,88
F09	Cuberta fibrocemento onda pequena	m2	23,19
F10	Cuberta lousa 40x20 recta	m2	31,2
F11	Cuberta placa poliester onda grande	m2	28,65
F12	Cuberta placa poliester onda pequena	m2	30,15
F13	Cuberta tella curva 40x15x12 vermello morteiro	m2	32,94
F16	Cuberta tella curva 40x15x12 vermello ganchos	m2	33,94
F17	Cuberta tella plana 43x26 vermello morteiro	m2	25,56
F18	Cuberta tella plana 43x26 vermello puntas	m2	24,29
F19	Cuberta tella mixta 43x26 vermello morteiro	m2	20,96
F20	Cuberta tella mixta 43x26 vermello puntas	m2	28,47
F21	Claraboia polimetacrilato 116x116	ud	470,61

Ref	Concepto	Ud.	€/Ud.
F22	Canle PVC 185 mm branca	m	23,63
F23	Canle PVC recto 26 cm	m	14,06
F24	Canle aluminio recto 300 mm	m	31,04
F25	Cuberta fibrocemento onda grande s/correas ganchos + illantes	m2	38,06
F26	Cuberta plana aceiro relacado 0,75 mm	m2	37,35
F27	Entaboado de madeira	m2	46,38
F28	Estrutura de listóns piñeiro	m2	9,7
F29	Reparación da cuberta de tella vella, achegando 40% das pezas	m2	22,94
F30	Baixante de chapa de aceiro ou aluminio prelacado	m	16,68
F31	Baixante de zinc-cobre e titanio	m	30,81
F32	Gardacanos de fundición de ata 2m de altura	m	138,86
G0	CERRADOS E PECHES		
G01	Cerrado de estacas e arame	ml	4,45
G02	Cerrado de tea metálica con postes	ml	13,8
G03	Cerrado de tea metálica revestida con postes	ml	16,03
G04	Cancela	m2	137,14
H0	CARPINTERÍA		
H01	Ventá de formigón 75x100 cm rectángulos	ud	32,04
H02	Ventá formigón 100x100 cadrados	ud	36,72
H03	Ventá proxectante-esvarante 80x100 cm aluminio lacado branco	ud	360,61
H04	Ventá proxectante-esvarante 80x100 cm aluminio brando monoblock	ud	387,58
H05	Ventá proxectante-esvarante 80x100 cm aluminio lacado cor	ud	392,03
H06	Ventá madeira 1 folla abatible	ud	187,54
H07	Ventá madeira 1 folla abatible + pano fixo inferior	ud	253,56
H08	Ventá fixa perfil recto PVC 800x1000	ud	256,01
H09	Porta metálica chapa aceiro 1 folla	ud	89,82
H10	Porta metálica chapa aceiro 2 follas	ud	1.883,92
H10	Porta acceso aluminio lacado branco 1 folla	ud	1.651,22
H11	Porta balcaneira aluminio branco 1 folla	ud	960,49
H12	Porta balcaneira aluminio lacado branco 2 follas	ud	868,92
H13	Porta cega madeira 725x2030x35 para pintar	ud	179,54
H14	Porta cega madeira 725x2030x35 para vernizar	ud	266,92
H15	Porta perfil recto PVC 1 folla 700x2100	ud	290,92
H16	Porta de entrada de madeira maciza	ud	694,27
H17	Porta de entrada de PVC	ud	647,98
H18	Porta balcaneira de madeira con contraventá	ud	283,43
H19	Porta balcaneira de PVC ou aluminio	ud	221,65
H20	Peche de balcóns e terrazas con galería de madeira	m2	218,45
H21	Ventá xiratoria de madeira para vertente de cuberta	m2	311,41
H22	Revestimento sobre carpintería de madeira	m2	55,69
H23	Revestimento sobre carpintería exterior de aceiro	m2	12,31
H24	Reixa de seguridade	m2	77,7
H25	Porta de chapa de aceiro	m2	1.624,54
I0	PINTURA E REMATES DE FACHADA		
I01	Encintaxe de fábrica de pedra	m2	10,18
I02	Raxadura, maestreada e fratasado	m2	24,96
I03	Limpeza en fábrica de pedra	m2	9,25
I04	Picado e raxadura de argamasa	m2	9,25
I05	Revocadura mortero monocapa	m2	23,14
I06	Revestimento pintura exteriores	m2	11,11
I07	Revestimento alicatado exterior	m2	60,07
I08	Aplacado planchas granito e=2 cm	m2	102,19
I09	Sollado ou banzos de madeira en escaleira	m2	56,17
I10	Pavimento ou banzos de baldosas de gres porcelánico en escaleira	m2	47,45
I11	Pavimento ou banzos de baldosas de terrazo en escaleira	m2	39,06
I12	Falso teito de madeira	m2	55,69
I13	Falso teito de escaiola	m2	11,49
I14	Alicatado de parámetros interiores	m2	24,04
I15	Pavimento granito pulido	m2	63,76
I16	Enfoscado, maestrado e fratasado morteiro cemento	m2	18,19
I17	Pintura plástica lisa vertical	m2	5,38
I18	Pintura plástica lisa horizontal	m2	6,73
I19	Revestimento de estuco	m2	38,58
I20	Recrecido piso morteiro de cemento	m2	6,53
I21	Formación de chanzo LHD 25x12x8	m	14,47
I28	Falso teito escaiola lisa	m2	311,79
I29	Falso teito modular rexistable	m2	18,71
K0	INSTALACIÓNS		
	Audiovisuais e telecomunicacións		
K01	Equipo de captación RTV altura 3m	ud	364,23

Ref	Concepto	Ud.	€/Ud.
	Depósitos		
K02	Depósito de auga pechado 500 l	ud	278,95
	Electricidade		
K03	Condución eléctrica Cu	m	1,54
K04	Cable BT subterráneo	ml	17,97
K05	Caixa protección monofásica	ud	54,99
K06	Caixa protección e medida monofásica	ud	300,79
K07	Interruptor control potencia 1P+N, 45 A	ud	82,39
K08	Punto de luz sinxelo	ud	53,09
K09	Punto de luz conmutado	ud	83,06
K10	Punto de luz cruzamento	ud	113,25
K11	Luminaria de emerxen cia	ud	139,98
K12	Pica posta a terra electrodos s/solo blando	ud	26,07
K13	Instalación eléctrica cociña mec/estándar	ud	617,01
K14	Instalación eléctrica salón mec/estándar	ud	488,42
K15	Instalación eléctrica dormitorio dobre mec/estándar	ud	378,58
K16	Instalación eléctrica dormitorio sinxelo mec/estándar	ud	295,74
K17	Instalación eléctrica baño mec/estándar	ud	224,8
K18	Instalación eléctrica aseo mec/estándar	ud	114,71
K19	Instalación eléctrica pasillo mec/estándar	ud	347,67
K20	Instalación eléctrica vivenda básica 3 dormitorios calidade est	ud	4.396,45
	Fontanería		
K21	Acometida PE ent 75 mm	m	256,38
K22	Tubería alimentación	m	6,85
K23	Bomba somerxida achique 0,38 Kw	ud	324,14
K24	Quentador instantáneo de auga	ud	388,84
K25	Termo eléctrico	ud	523,84
K26	Fontanería e saneamento en aseo	ud	198,18
K27	Fontanería e saneamento en baño	ud	252,27
K28	Fontanería e saneamento en cociña	ud	216,2
K29	Instalación de desaugadoiro	ud	38,02
K30	Lavado con billas monomando	ud	212,56
K31	Bidé con billas monomando	ud	167,14
K32	Inodoro totalmente instalado	ud	212,56
K33	Instalación de auga fría e quente en vivenda	ud	1.481,13
K34	Instalación de auga fría e quente en vivenda	ud	1.073,81
K35	Instalación de gas en vivenda	ud	323,97
	Salubridade		
K36	Pozo artesán	ud	1.016,76
K37	Pozo de barrena	ud	1.532,74
K38	Canalización de saneamento en PVC	ml	21,3
K39	Arqueta de saneamento	ud	64,78
K40	Foxa séptica formigón 5 usuarios	ud	606,91
K41	Foxa séptica prefabricada 5 usuarios	ud	982,83
K42	Inodoro tanque baixo calidade estandar 665x350	ud	166,56
K43	Desaugadoiro inodoro saída vertical rede sanitaria	ud	27,6
K44	Desaugadoiro vertedoiro	ud	7,34
	Calefacción		
K45	Instalación completa de calefacción en vivenda (ata 100 m2)	ud	7.406,26
K46	Instalación completa de calefacción en vivenda (a partir 100 m2)	m2	18,57
K47	Adaptación de instalación eléctrica calefacción tarifa nocturna	ud	740,01
K48	Acumulador calefacción	ud	740,01
L0	ILLAMENTO TÉRMICO E DE ESTANQUEIDADE		
L01	Illamento la mineral 40 mm 0.035W/mK fachadas	m2	10,08
L02	Illamento pranchas poliestireno expandido	m2	14,9
L03	Illamento espuma PUR 40/45 prox 25/30 mm	m2	10,43
L04	Illamento mediante espuma de poliuretano	m2	8,33
M0	URBANIZACIÓN		
M01	Estrutura de gavións	m3	34,86
M02	Muro de contención formigón armado encofrado unha cara	m3	363,92
M03	Muro de contención formigón armado encofrado dos caras	m3	715,98
M04	Carga de terra sobre camión con retro	m3	3,81
M05	Carga cascallo sobre camión con pa cargadora	m3	4,05
M06	Transporte de terras con camión 14 m3 a 5 km	m3	1,2
M07	Corta e destocado de árbores 15-35 cm diámetro	ud	26,26
M08	Limpeza terreos medios mecánicos	m2	0,93
M09	Retirada terra medios mecánicos	m3	2,82
M10	Desmonte terreo frouxo retroexcavadora	m3	1,54
M11	Desmonte terreo compacto retroexcavadora	m3	2,53
M12	Recheo, extendido e compactado pozos	m3	44,63

Ref	Concepto	Ud.	€/Ud.
M13	Baleirado terreo frouxo profundidade > 3 m	m3	6,03
M14	Baleirado terreo compacto profundidade > 3 m	m3	7,24
M15	Drenaxe de grava profundidade 120 cm	m	14,51
M16	Drenaxe tubo PVC rañurado	m	11,97
M17	Drenaxe tubo formigón	m	23,25
M18	Carga de refugallos pala cargadora	m3	2,34
M19	Arqueta acometida domiciliar rede xeral	ud	103,84
M20	Canalización de abastecemento fundición DN 150	m	97,1
M21	Canalización de abastecemento poliester reforzado DN 150	m	48,18
M22	Canalización rede de sumidoiro	m	171,2
M23	Foxa séptica formigón 5 usuarios	ud	605,36
M24	Base pavimento peonil HM-25	m2	16,89
M25	Pavimento continuo formigón impreso	m2	47,46
M26	Pavimento de garavanciño	m2	8,13
M27	Beirarrúa lousa hidraulica 40x40	m2	23,93
M28	Beirarrúa lousa terrazo 40x40	m2	25,25
M29	Beirarrúa lousa granito 60x40	m2	125,49
M30	Base de formigón compactado	m3	74,49
M31	Base macadam M2	m3	24,96
M32	Bordo recto granito silvestre abuxardado	m	49,35
M33	Bordo curvo granito silvestre abuxardado	m	95,16
M34	Bordo recto formigón prefabricado	m	22,16
M35	Firme flexible pavimento calzada tráfico lixeiro	m2	17,63
M36	Firme flexible pavimento calzada tráfico pesado	m2	38,1
M37	Pavimento aglomerado asfáltico	tn	44,76
M38	Pavimento zahorra artificial	m3	35,18
M39	Pavimento formigón	m3	106,54
M40	Subbase granular zahorra artificial	m3	34,19
M41	Subbase cemento CEM II/A-S 32,5N	m3	26,75
M42	Tratamento superficial dobre emulsión bituminosa	m2	2,39
M43	Cimentación p/báculo 10 m	ud	97,42
M46	Cimentación p/columna	ud	42,69
M47	Báculo aceiro altura 5 m espesor 3	ud	306,03
M48	Pozo de registro	ud	630,56
M49	Pto. luz VSAP 70 w en poste	ud	617,38
M50	Pto. luz VSAP 70 w en fachada	ud	272,37
M51	Pto. luz VSAP 150 w en báculo 8-10 m	ud	913,66
M52	Sumidoiro sifónico	ud	108,95
N0	VARIOS		
N01	Piscina completa (ata 150 m2)	ud	12.101,32
N02	Piscina completa (a partir de 150 m2)	m2	403,36
N03	Piscina deportiva descuberta	m2	80,67
N04	Galpón de madeira	m2	100,85